

RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA.

Con data do 15 de marzo de 2024, a subdirectora xeral de Réxime Xurídico Administrativo, emitiu o seguinte informe proposta de Resolución:

“Vista a documentación remitida polo Concello do Ordes en data 29.02.2024 relativa á corrección dun erro na dilixencia de secretaría incorporada ao documento do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Ordes

ANTECEDENTES:

Por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data do 13 de decembro de 2023, prestouse aprobación definitiva ao Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Ordes.

Por Resolución da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 29 de xaneiro de 2023, inscribiuse o Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Ordes co número ROTPG/P/8/2024.

En data 29.02.2024 (Entrada 12514/ RX 700792) o Concello de Ordes remite oficio no que sinala a existencia dun erro na dilixencia de secretaría incorporada ao documento completo dilixenciado, por canto indica “documento aprobado definitivamente” cando debería dicir “provisionalmente”, remitindo novo documento completo do PXOM correctamente dilixenciado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- A Disposición adicional primeira da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia establece que o Rexistro de Planeamento de Galicia, regulado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no capítulo X do título II do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, pasará a denominarse Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

SEGUNDO.- O artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia establece que os instrumentos de planeamento urbanístico, unha vez aprobados definitivamente, e publicado no Diario Oficial de Galicia o acordo correspondente, deberán inscribirse no rexistro que, para tal efecto, se constituirá na consellería competente en materia de urbanismo.

O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, RLSG) contén nos seus artigos 208 e seguintes a regulación do Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.



TERCEIRO.- Consonte co previsto no artigo 212.1 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, a consellería competente en materia de urbanismo inscribirá de oficio os instrumentos de planeamento urbanístico cuxa aprobación definitiva lle corresponda.

A inscrición dos instrumentos de planeamento no rexistro, incluídas as súas modificacións, deixará constancia da súa existencia, contido e datas de aprobación e será condición para a publicación da súa normativa no Boletín Oficial correspondente, de conformidade co establecido nos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

A inscrición no rexistro de planeamento urbanístico é un acto formal que goza de independencia respecto das facultades atribuídas pola lexislación de réxime local para proceder ao requirimento de anulación dos actos e acordos das corporacións locais.

De conformidade do disposto no artigo 213 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, as administracións públicas con competencia en materia de urbanismo teñen a obriga de comunicar ao rexistro calquera modificación con transcendencia rexistral en que tivesen intervido en razón da súa competencia, no prazo dun mes a partir da aprobación definitiva da modificación polo órgano competente.

CUARTO.- Corresponde á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o exercicio de todas as competencias relativas á xestión do Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, conforme co sinalado no artigo 208.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, e do artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en relación co Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

En virtude do exposto, e de conformidade coa *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 42/2019, do 28 de marzo e o Decreto 59/2023, do 14 de xuño, e demais preceptos de pertinente e xeral aplicación [..]*:

De acordo coa proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico Administrativo de data do 15 de marzo de 2024, RESOLVO:

Ordenar a modificación da inscrición do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Ordes, no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, co número de rexistro ROTPG/P/20/2024, da Sección II, do Libro I, Tomo III, folla rexistral nº 83.

Contra a presente resolución, que lle pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo da formulación, no seu caso, de requirimento





previo en igual prazo (artigos 44 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa).

Santiago de Compostela, data e sinatura dixital.
A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
M^a Encarnación Rivas Díaz

Asinado por: MARIA ENCARNACION RIVAS DIAZ
Cargo: Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Data e hora: 15/03/2024 12:07:39

CVE: OYE56AiqCJ16
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
Edificio Administrativo San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981544355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



CERTIFICADO DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA

En cumprimento do disposto no artigo 215 do *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* emítese a presente certificación para facer constar que:

1.- Por resolución da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 15 de marzo de 2024, procedeuse á modificación da inscrición do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Ordes.

2.-A modificación da inscrición do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Ordes, figura inscrita no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, na Sección II, Libro I, Tomo III, folla rexistral 83 co número ROTPG/P/20/2024, de conformidade co disposto nos artigos 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 208 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deixando constancia da súa existencia e seguinte contido:

INSTRUMENTO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL ORDES	
DATA DA INSCRICIÓN	29.01.2024	ROTPG/P/8/2024
DATA DE MODIFICACIÓN DA INSCRICIÓN	15.03.2024	ROTPG/P/20/2024
OBXECTO DA MODIFICACIÓN	Corrección do erro detectado na dilixencia da secretaría no documento do PXOM	

Santiago de Compostela, data e sinatura dixital
A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
M^a Encarnación Rivas Díaz

